



Asunto: Comunicación relativa á asignación de dúas paradas a un mesmo alumno na aplicación “transporte escolar”

Estimado/a Director/a:

Os cambios sociais e económicos experimentados nos últimos tempos comportaron, á súa vez, situacións novas nas familias, ás que, no eido dos recursos educativos complementarios, é imprescindible responder, a fin de non invalidar á súa finalidade orixinaria.

Entre estas novas situacións familiares, cada vez mais numerosas, atópanse as derivadas de incompatibilidades horarias na conciliación da vida laboral e familiar, así como custodias parentais compartidas, en casos de separacións matrimoniais e divorcios.

Co fin de abordar as problemáticas citadas e darlles a resposta administrativa axeitada, hai uns días habilitouse na aplicación “transporte escolar” a posibilidade excepcional de asignar a un mesmo alumno dúas paradas diferentes das distintas rutas de transporte escolar.

Porén, esta dobre asignación de paradas distintas a favor dun mesmo alumno require a previa presentación, por parte das persoas que exercen a tutoría e ostentan a garda e custodia do menor transportado, dunha xustificación axeitada das razóns que avalan a necesidade familiar aducida e conseguintemente, esixen a implementación da solución excepcional referida.

Así pois, para poder proceder á asignación de dúas paradas de transporte escolar diferentes a un mesmo alumno, usuario do transporte escolar, é **necesario que exista o seguinte:**



-1º. **Petición formal e expresa**, asinada polas persoas titoras do alumno transportado, que ostenten a súa garda e custodia.

-2º. **Xustificación acreditativa** das situacións laborais e familiares que requiren da asignación excepcional de dúas paradas distintas a un mesmo escolar (sentencia ou convenio regulador, atribuíndo a custodia e garda compartida aos pais, informe ou certificación empresarial ou administrativa acreditativa do horario laboral incompatible de ambas as dúas persoas titoras do menor ou dunha, no caso das familias monoparentais).

-3º. **Compromiso de utilización continuada**, ao longo do curso escolar, das dúas paradas de transporte escolar asignadas, no sentido e do xeito fixado na aplicación de xestión, "transporte escolar".

Unha vez avaliada de conformidade pola Dirección do centro de ensino a petición e implementada na aplicación "transporte escolar" a asignación das dúas paradas, a propia Dirección do colexio comunicará á empresa ou empresas de transporte escolar, adxudicatarias dos servizos, a modificación operada na ruta ou rutas afectadas.

Grazas pola súa colaboración .

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A Subdirectora de Recursos Educativos Complementarios

Ana Ornilla Guillamon

A. Ornilla

